

MANIFESTO CONTRA O ESQUECEMENTO

Esta é a historia dunha terra sen pobo, sen o seu pobo; e dun pobo sen terra, sen a súa terra. Esta é a historia dos esquecidos, a historia do esquecemento.

“Son saharauís, os saharauís non existen na crónica dos sucesos, son parte doutro mundo, o mundo dos ignorados”¹.

Por iso estamos aquí, para non esquecer os seus nomes: Habiba, Mohammhed, Mariem, Ahmed, Asma, Ali, e tantos outros nenos e nenas coma vós, mozas e mozos sen esperanza, refuxiados ,exiliados, esquecidos, desaparecidos.

Esta é a historia dun país que leva 40 anosagardando para celebrar un referendo onde os saharauís poidan elixir un futuro de seu, 40 anos en espera da súa identidade como pobo e como país independente; 40 anos en territorio baixo control marroquí ou exiliados nos campamentos de refuxiados, onde hoxe viven unhas 165.000 persoas,rodeadas por outro muro da vergoña que divide o Sáhara Occidental en dúas partes para illalos.

Nestes momentos o goberno marroquí acaba de expulsar a todos os membros da misión da ONU que baixo o nome de MINURSOse estableceron alí dende 1991 para observar o alto ao fogo, e organizar o referendo libre. A situación é das máis graves dos últimos anos cun clima prebélico e movementos de tropas cara aos campamentos.

Ante esta situación gravísima de preguerra e reactivación da violencia, será un ano especial para a acollida de nenos e nenas do Sáhara, incluso non se descarta ter que adiantar o programa e a necesidade de viaxes especiais que permitan a estadía de máis poboación infantil nas nosas terras. É o momento de amosar máis ca nunca a nosa solidariedade con este pobo e de actuar na procura dunha saída rápida e pacífica ao conflito do Sáhara Occidental.

Non nos resignamos á fatalidade, á ignominia, á violencia. Non nos resignamos á inacción. É dende aquí, dende as aulas, onde se empezan a construír as utopías.Onde está a “panca para mover o mundo”²?

Unha forma de actuar son estas palabras, unha forma de actuar é apoiar esta campaña de *Solidariedade co pobo saharauí*: 1 alumno/1euro. Unha forma de memoria é estar presente no outro, poñerse no lugar doutro; por iso, hoxe, todos somos deserto, todos somos Sáhara, todos saharauís. Berremos coas súas verbas: “ana saharauia”, “ana saharauia!”.

Se a memoria colectiva dun pobo reside na oralidade e na súa poesía, estas son as palabras dun soño, de seu soño:

1 Ali Salem Iselmu

2Verso pertencente ao poemade Ebnu: “A nosa era”

Sueño

Sueña el niño algún día
poder en el cielo batir su ala.
Sueña el cosmonauta poder
tener en sus manos, su propio planeta.

Todos sueñan allá arriba.
Sueña el astronauta,
abandonar su telescopio
y acercarse algún día a los astros
galopando en su adorada cometa,
sueñan incluso los enamorados
vivir una eterna luna.

Todos sueñan allá arriba,
y yo, tan solo sueño poder en mi tierra
algún día, alzar al cielo mi bandera

SALEH ABDALAHY HAMUDI